

RESPOSTAS CORRECTAS.

1º EXERCICIO DO CONCURSO - OPOSICIÓN PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE PEÓNS PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DE BRIÓN.

1. A lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, de que ano é?.

a) De 2017.

b) De 2018.

c) De 2007.

2. Que é o IRDI?

a) O índice de risco diario de incendio forestal.

b) O índice regular de incendios.

c) O Instituto Rexional de Defensa de Incendios.

3. Que é o PLATERGA?

a) O Plan Territorial de Galicia.

b) O Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.

c) O Plan do Territorio de Galicia.

4. Que é o PLADIGA?

a) O plan de prevención e defensa contra os incendios urbanos de Galicia.

b) O plan contra as pragas de Galicia.

c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

5. Nun vehículo que sufriu un accidente de tráfico e está sobras as súas rodas, como se fai a excarceración?

a) Buscarase un orificio lateral ou se practicará desmontando as portas.

b) Retirarase o teito.

c) Retirarase o teito e as catro portas.

6. Nun vehículo con dúas portas que sufriu un accidente de tráfico e está sobre as súas rodas con persoas atrapadas na parte traseira, como se fai a excarceración?

a) Retírase o teito.

b) Cortáranse os nervios e retírase o teito.

c) Retírase a parte traseira do vehículo.

7. No transporte de mercadorías perigosas se existe circunvalación, variantes ou roldas exteriores ás poboacións, poden entrar estes vehículos nas poboacións?.

a) Si, sempre.

b) Non, con mercadorías perigosas nunca.

c) Únicamente poden entrar nas poboacións para realizar operacións de carga e descarga ou por causas xustificadas de forza maior.

8. Existe en Galicia o Rexistro de Plans de Autoprotección?

a) Si.

b) Non.

c) Non existe na actualidade.

9. Nun incendio urbano en que consiste un contrafogo?

a) En queimar o combustible intermedio entre a nosa posición e o incendio e este extínguese cando se atopan os dous lumes.

b) En apagar o incendio mediante o emprego de extintores.

c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

10. Que é a liña de defensa nun incendio forestal?

a) É unha faixa de terreo, de longo e ancho variable, construída na traxectoria do lume.

b) É unha faixa de terreo existente con anterioridade.

c) Non existe a liña de defensa nun incendio forestal.

11. Durante a época de perigo alto de incendio, están permitidas as accións de fumigación ou desinfección en panais de abellas?

a) Non están permitidas, salvo no caso de que os fumigadores estean equipados con dispositivos de retención de faíscas.

b) Si, están permitidas en todo caso.

c) Non están permitidas.

12. O soporte vital básico ten como obxectivo:

a) A oxixenación de emerxencia mediante unha ventilación e circulación eficaces, realizando isto sen máis equipo que as nosas mans.

b) A oxixenación de emerxencia mediante unha ventilación e circulación eficaces, realizando isto sen máis equipo que as nosas mans e os nosos pulmóns.

c) Previr infartos.

13. Nunha reanimación cardiopulmonar realizada a unha persoa adulta, o ritmo a seguir é:

a) 30 compresións torácicas e 2 insuflacións efectivas.

b) 50 compresións torácicas e 2 insuflacións efectivas.

c) 20 compresións torácicas e 2 insuflacións efectivas.

14. Existe o nivel 0 de activación do plan PLATERGA?

a) Non.

b) Si, é de ámbito provincial.

c) Si, é de ámbito local.

15. As medidas preventivas a adoptar no transporte de persoal en coche ou camión para extinción de incendios, son:

a) O persoal transportado no camión debe sentar no piso da caixa e non se debe levar persoal e material á vez.

b) Todo o persoal e os medios deben ir no mesmo vehículo non tendo obrigaón de respectar as normas do Código de Circulación.

c) O condutor debe ir na cabina sempre só para que ninguén o distraia e non ten obrigaón de respectar as normas do Código de Circulación.

16. A xestión da biomasa existente nos terreos forestais e zonas de influencia forestal é realizada a través de faixas. As faixas de xestión de biomasa divídense en?

a) Distritos forestais.

b) Perímetros de protección.

c) Redes primarias, secundarias e terciarias.

17. A liña de defensa nun incendio forestal, se o lume sobe por unha ladeira, onde debe localizarse?.

a) Inmediatamente detrás do cume.

b) No fondo do val.

c) Na mesma ladeira.

18. Existen extintores de mochila para apagar un incendio forestal?

a) Non existen posto que son ineficaces.

b) Utilizáronse hai moitos anos, pero agora xa non.

c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

19. Na utilización de mangueras que é o primeiro que hai que facer?

a) Utilizar a boquilla ou lanza adecuada para combater cada tipo de lume.

b) Ver que estea desconnectada á motobomba.

c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

20. As zonas de alto risco de incendio forestal serán declaradas?

a) Por orde da consellería con competencia en materia forestal.

b) Polos Concellos.

c) Pola Subdelegación do Goberno na provincia.

RESERVA:

1) Cantos tipos de extintores existen?

a) De po, de espuma, de auga, de anhídrido carbónico e de hidrocarburos haloxenados.

b) De po e de auga.

c) Ningunha das repostas é correcta.

2) Os tipos de lume forestal poden ser?

a) Só de chan e de copas.

b) De chan, de copas e de subsolo.

c) Ningunha das repostas é correcta.

3) De que factores depende o comportamento do lume?.

a) A humidade e o vento.

b) O vento.

c) A humidade, o vento e a topografía.

Brión, 12 de xuño de 2020.